



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

SADA

Secretaría

Aprobación definitiva da modificación da RPT por execución de sentenzas do TSXG, adopción de medidas de redución da temporalidade do emprego público e creación de novos postos

Que o Concello Pleno na súa sesión extraordinaria e urxente do 23-5-2022 adoptou o acordo que a continuación se transcribe literalmente na súa parte dispositiva:

“2º.- APROBACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO POR EXECUCIÓN DE SENTENZAS TSXG, ADOPCIÓN DE MEDIDAS DE REDUCIÓN DA TEMPORALIDADE DO EMPREGO PÚBLICO E CREACIÓN DE NOVOS POSTOS.

1º Resolver as alegacións formuladas na fase de exposición ao público do acordo da aprobación provisional da modificación da Relación de Postos de traballo como se indica a continuación:

a) Rexeitar a alegación formulada por Ana María Martínez Lijó o 28.05.2022 (NRE (202299900000980), conforme aos argumentos establecidos no informe de secretaría do 20.05.2022.

b) Rexeitar as alegacións formuladas por Diana García Olagorta o 18.04.2022 (NRE (202299900001332), conforme aos argumentos establecidos no informe de secretaría do 20.05.2022.

c) Rexeitar as alegacións formuladas por Belén Blanco Barral o 28.03.2022 (NRE (202299900000993), conforme aos argumentos establecidos no informe de secretaría do 20.05.2022.

d) Rexeitar as alegacións formuladas por Luisa Celis Sanmiguel o 18.04.2022 (NRE (202299900001327), conforme aos argumentos establecidos no informe de secretaría do 20.05.2022.

e) Inadmitir as alegacións formuladas por María Pamela Rodríguez Rodríguez o 22.04.2022 (NRE (202299900001417), por non ter relación cos postos de traballo afectados no acordo plenario do 17.03.2022, conforme aos argumentos establecidos no informe de secretaría do 20.05.2022.

f) Rexeitar as alegacións formuladas por Alfonso Espiñeira Espiñeira o 18.04.2022 (NRE 202299900001330), conforme aos argumentos establecidos no informe de secretaría do 20.05.2022.

g) Estimar parcialmente as alegacións formuladas por D. Juan Esteban Méndez Leiva, o 22.04.2022 (NRE 202299900001419) en calidade de secretario xeral de USO no Concello de Sada, no senso exclusivamente de corrixir a omisión do posto de traballo de CFO, e rexeitando o resto de alegacións conforme aos argumentos establecidos no informe de secretaría do 20.05.2022.

h) Inadmitir as alegacións formuladas por José Manuel Castro Probaos o 22.04.2022 (NRE 202290000001203) por non ter relación cos postos de traballo afectados no acordo plenario do 17.03.2022, conforme aos argumentos establecidos no informe de secretaría (II) do 20.05.2022.

2º. Notificar o acordo adoptado aos alegantes, e achegaralles o informe/s emitido pola Secretaría municipal o 20-5-2022 no que se basea o acordo adoptado aos alegantes referidos no apartado 1º a) a g).

3º. Aprobar definitivamente modificación da Relación de postos de traballo do Concello coa corrección referida no apartado 1º.

4º.- Adscribir aos traballadores afectados pola execución de sentenza que viñan ocupando os postos de traballo, con carácter laboral, de: Psicólogo/a Servizos Sociais, Director/a Casa Cultura, Auxiliar de Biblioteca Municipal, Técnico local de Emprego e Desenvolvemento e Enxeñeiro técnico agrónomo aos novos postos creados con carácter funcional, de forma que mentres se realizan os procesos de selección para a cobertura regulamentaria quedarán adscritos como persoal laboral temporal aos mesmos. Nos procesos de selección correspondentes haberá de terse en conta esta circunstancia e valoraranse como méritos os servizos prestados como persoal laboral en ditas funcións.

5º.- Adscribir aos traballadores con contratos laborais temporais, afectados pola estabilización aos postos de traballo creados ou modificados de funcionario, de forma que mentres se realizan os procesos de selección para a cobertura regulamentaria quedarán adscritos como persoal laboral temporal aos mesmos. Nos procesos de selección correspondentes

haberá de terse en conta esta circunstancia e valoraranse como méritos os servizos prestados como persoal laboral en ditas funcións.

6º.- Notificar aos afectados mencionados nos apartados 3º e 4º.

7º.- Comunicar a todo aquel persoal temporal funcionario ou laboral que na actualidade estea ocupando prazas relacionadas coa estabilización que se inicia o proceso de estabilización con arranxo á Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, con independencia da relación laboral ou funcional que exista e da finalización en cada caso das contratacións conforme ao contrato ou nomeamento, que seguirá o seu curso.

8º.- Dar traslado á Sala contencioso-administrativa do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia da parte do acordo adoptado para os efectos oportunos relativos á execución da sentenza ditada no PO 862/2010 e resolucións relacionadas.

RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO

Código	Denominación do posto	Nº	CD	CE	FP	Tipo	Vinc.	ADM	Gr/Sg	Escala	Requisitos	Observacións
SECRETARÍA 01												
010001	Secretario/a xeral	1	30	33.569,28	C	S	F	AL	A/A1	HE		
010002	Técnico Admón. xeral	1	27	14.332,12	C	NS	F	AM	A/A1	AX	Licenc. en Dereito	
010004	Administrativo Contratación e Persoal	1	22	10.394,98	C	NS	F	AM	C/C1	AX		
010005	Administrativo Secretaría e Patrimonio	1	22	10.394,98	C	NS	F	AM	C/C1	AX		
010006	Administrativo Secretaría	1	22	10.394,98	C	NS	F	AM	C/C1	AX		
010008	Auxiliar Contratación	1	18	6.018,88	C	NS	F	AM	C/C2	AX		
010009	Auxiliar Estatística	1	18	4.691,41	C	NS	F	AM	C/C2	AX		
010010	Auxiliar Secretaría	2	18	2.621,52	C	NS	F	AM	C/C2	AX		
010011	Auxiliar Información Rexistro e Comunicación	2	18	2.621,52	C	NS	F	AM	C/C2	AX		
010012	Ordenanza notificador	1	14	2.942,82	C	NS	F	AM	AP	AX		
010014	Ordenanza	1	14	2.959,24	C	NS	L	AM	V			
POLICÍA LOCAL 02												
020001	Inspector- xefe da Policía Local	1	22	11.384,73	C	S	F	AM	A/A2	AE		
020002	Oficial servizos operativos	1	18	12.352,20	C	NS	F	AM	C/C1	AE		
020003	Oficial servizo nocturno	1	18	14.647,14	C	NS	F	AM	C/C1	AE		
020008	2ª actividade policía/oficial	1	18	---	C	NS	F	AM	C/C1	AE		*A persoa adscrita arrastrará o CE do posto de orixe.
020004	Policía Unidade Diúrna	7	18	9.607,30	C	NS	F	AM	C/C1	AE		
020005	Policía Unidade Seguridade Cidadán	6	18	12.532,13	C	NS	F	AM	C/C1	AE		
020006	Policía Servizos Administrativos	2	18	6.063,72	C	NS	F	AM	C/C1	AE		
020007	Auxiliar Policía Local	1	18	9.472,21	C	NS	F	AM	C/C2	AE		
020010	Auxiliar admtno. Seguridade Cidadán, tráfico e orde público	1	18	4691,41	C	NS	F	AM	C/C2	AX		
ALCALDÍA 03												
030002	Secretario particular alcalde	1	---	14.000,00	L	S	E					T.Parcial (56%)
SERVIZOS SOCIAIS 04												
040001	Psicólogo Servizos Sociais	1	27	3.050,92	C	NS	F	AM	A/A1	AE		
040002	Traballador social coordinador	1	24	8.572,43	C	NS	F	AM	A/A2	AE		
040005	Traballador social	3	24	6.626,21	C	NS	F	AM	A/A2	AE		
040006	Educador/a social	1	24	6.595,14	C	NS	F	AM	A/A2	AE		
040003	Auxiliar Servizos Sociais	2	18	2.621,52	C	NS	F	AM	C/C2	AX		
040004	Traballador/a familiar	2	14	3.100,62	C	NS	L	AM	V			
SERVIZO DE EMERXENCIAS 05												
050001	Técnico Protección Civil xefe equipo SEM	1	24	11.810,56	C	S	L	AM	II			
050002	Operario Servizo Emerxencia	8	14	7.073,46	C	NS	L	AM	V			
050003	Socorristas	11	12	582,59	C	NS	LFD	AM	IV		Rex.prof	
CULTURA, EDUCACIÓN, XUVENTUDE E DEPORTE 06												
060001	Dirección Casa Cultura	1	24	6.742,44	C	S	F	AM	A/A2	AE		
060002	Ordenanza	1	14	3.124,04	C	NS	L	AM	V			
060003	Bibliotecaria	1	24	6.086,14	C	S	F	AM	A/A2	AE		
060011	Auxiliar Biblioteca	1	18	2.997,94	C	NS	F	AM	C/C2	AE		
060004	Auxiliar Biblioteca	1	18	2.997,94	C	NS	L	AM	IV			
060005	Animador socio-cultural	1	18	6.663,33	C	NS	L	AM	III			
060006	Coordinador actividades xuvenís	1	18	6.663,33	C	S	F	AM	C/C2	AE		
060007	Animador tempo libre	1	18	4.016,39	C	NS	L	AM	IV			
060007	Conserxes educación e cultura	3	14	4.114,50	C	NS	L	AM	V			
060008	Operario	1	14	7.203,12	C	NS	L	AM	V			
060009	Técnico de Deportes	1	18	6663,33	C	NS	F	AM	B	AE	Permiso B	
060010	Técnico Animación Sociocultural	1	18	6663,33	C	NS	F	AM	B	AE		

Código	Denominación do posto	Nº	CD	CE	FP	Tipo	Vinc.	ADM	Gr/Sg	Escala	Requisitos	Observacións
EMPREGO E FORMACIÓN OCUPACIONAL 07												
070101	Técnico Emprego e Desenvolvemento	1	24	7.194,84	C	S	F	AM	A/A2	AE		
070103	Orientador/a Laboral	1	24	7.194,84	C	NS	F	AM	A/A2	AE		
070102	Auxiliar Emprego e Desenvolvemento	1	18	2.621,52	C	NS	F	AM	C/C2	AX		
070201	Coordinador Formación Ocupacional (FO)	1	24	5.489,93	C	NS	L	AM	II			
070202	Adxunto Formación Ocupacional	1	22	2.613,38	C	NS	L	AM	III			
SERVIZOS ECONÓMICOS 08												
080001	Interventor	1	30	33.569,28	C	S	F	AL	A/A1	HE		
080002	Técnico tesoureiro	1	28	20.069,68	C	S	F	AM	A/A1	AE		
080006	Técnico rendas e exaccións	1	26	12.318,21	C	S	F	AM	A/A2	AX		
080003	Auxiliar Servizos Económicos	3	18	2.621,52	C	NS	F	AM	C/C2	AX		
080004	Auxiliar Recadación	1	18	2.621,52	C	NS	F	AM	C/C2	AX		
080005	Auxiliar Rendas e Exaccións	1	18	2.621,52	C	NS	F	AM	C/C2	AX		
URBANISMO, POLICÍA URBANA E MEDIO AMBIENTE 09												
090001	Arquitecto	1	28	15.884,36	C	S	F	AM	A/A1	AE		
090002	TAX Urbanismo, Medio Ambiente e Policía Urbana	1	27	16.863,39	C	NS	F	AM	A/A1	AX	Licenc. en Dereito	
090003	Enxeñeiro técnico responsable infraestruturas	1	24	12.387,47	C	S	L	AM	II			
090004	Arquitecto técnico	1	24	6.108,98	C	NS	F	AM	A/A2	AE		
090005	Enxeñeiro técnico agrónomo	1	24	6.108,98	C	NS	F	AM	A/A2	AE		
090006	Delineante	1	22	6.007,45	C	NS	F	AM	C/C1	AE		
090007	Auxiliar urbanismo	1	18	2.621,52	C	NS	F	AM	C/C2	AX		
090008	Administrativo urbanismo medio ambiente e policía urbana	1	22	10.394,98	C	NS	F	AM	C/C1	AX		
090009	Policía Urbanismo e Medio Ambiente	1	18	7.187,27	C	NS	F	AM	C/C1	AE		
OBRAS E SERVIZOS 10												
100001	Encargado de Obras e Servizos	1	18	11.994,93	C	S	L	AM	IV			
100002	Albanel	2	18	5.260,61	C	NS	L	AM	IV			
100003	Vixiante feirón	1	14	892,29	C	NS	LTP	AM	V			
100004	Operario almacenista	1	14	7.203,12	C	NS	L	AM	V			
100005	Operario electricista	1	14	7.203,12	C	NS	L	AM	V			
100006	Operario tractorista	2	14	7.203,12	C	NS	L	AM	V			
100007	Operario sepultureiro	1	14	7.910,55	C	NS	L	AM	V			
100008	Operario	1	14	7.203,12	C	NS	F	AM	AP	AE		
100009	Operario	3	14	7.203,12	C	NS	L	AM	V			
100011	Operario do servizo de Saneamento	2	14	7.898,70	C	NS	L	AM	V			
INFORMACIÓN E TURISMO 11												
110001	Administrativo de comunicación	1	22	9.299,14	C	NS	F	AM	C/C1			
110002	Auxiliar de comunicación e son	1	18	5.430,11	C	NS	F	AM	C/C2			
110003	Auxiliar de comunicación	2	18	3.054,35	C	NS	F	AM	C/C2			
110004	Auxiliar técnico turismo	1	18	4.016,39	C	NS	L	AM	IV			

CLAVES EMPREGADAS:

CD: Nivel de complemento de destino do funcionario. Complemento do posto: Nivel do persoal laboral a efectos de equiparación retributiva.

CE: Complemento específico anual, incluíndo as pagas adicionais. Persoal laboral fixo descontinuo, complemento específico período de contratación (3 meses) Persoal eventual, retribución íntegra anual.

FP: Forma de provisión: C, concurso. L, libre designación.

TIPO: S, singularizado. NS, non singularizado.

Vinc (Vínculo): F, funcionario. L, laboral. E, eventual. LTP, laboral a tempo parcial

ADM: Adscrición a Administracións Públicas: AL, administración local. AM, administración municipal.

Gr/Sg: Grupo e subgrupo art.76 e D.Ad 6ª do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, para persoal funcionario. E grupo de equiparación do persoal laboral a efectos retributivos segundo o Convenio Colectivo do persoal laboral do Concello de Sada.

Escala: HE, Habilitación Estatal. AX, Administración Xeral. AE, Administración Especial".

O que se publica para xeral coñecemento.

Sada, 23 de maio de 2022

O Alcalde, Óscar Benito Portela Fernández